



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

XURXO SOUTO
DA CASA DO REMO Á ILLA DO
PARAÍSO



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg-gal



Deputación
DA CORUÑA

DA CASA DO REMO Á ILLA DO PARAÍSO

Primeira ruta vigo-coruñenta. Espazos literarios da novela *A gran travesía de Chiruca Macallás*.

A cidade é un libro que se le camiñando.
(Agustín Fernández Paz)

O sábado, 11 de maio de 2019, baixo o abeiro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, realizamos un paseo pola Coruña na procura dos espazos da novela *A gran travesía de Chiruca Macallás*.

Partimos do Xardín de San Carlos, na Cidade Vella, e fomos camiñamos cara a contorna da Torre da Torre de Hércules. Alí agarda a rocha dos Macallás, nome eufónico que campá no título do libro.

Un reencontro –ás veces descuberta– con xeografías moi próximas, para atopármolos e saudar unhas veciñas case sempre invisíbeis: As mulleres do mar.

Velaí a propia Chiruca, patroa de pesca no Gran Sol. Tamén Laura Coído, da Casa do Remo. A redeira Anónima Maragota. Ou a serea negra, Mamí Watá.

Esta ruta posúe ademais unha dimensión realmente orixinal. Un paseo pola Coruña no que en todo momento se está a facer referencia a Vigo.

Pois así tal acontece da novela, situada nunha cidade anfibia, As Arneiras, que é ao tempo Vigo e mais A Coruña.

Por iso uns días antes, realizamos outro percurso previo: “Dende a Ribeira do Berbés até os outeiros do Calvario”. Isto é un paseo por Vigo con constantes referencias coruñesas.

Alicerces de area e espiña de peixe. Ambas as dúas cidades medraron coas mareas do Gran Sol. Campa nas dúas, Pescaría-Berbés, a vella tradición mariñeira. En ambas as dúas convive o boureo urbano cos mitos do océano. Aquí remataba o mundo coñecido e comezaba o misterio. O Alén, mar maior, onde os sabios navegantes –velaí o Santo Amaro– foron quen de atopar a Illa do Paraíso.

Principia o camiño:

Berbés e mais Orzán. A cidade ten pés de auga.

Do Xardín de San Carlos cara a rúa das Tinallas.

Estamos na antiga fortaleza da cidade. O baluarte que protexía a praia do Parrote, varadoiro primeiro da Coruña, como o castelo do Castro, en Vigo, protexía a area do Berbés.

Tras da explosión do *polvorín*, esta fortaleza ficou abandonada, até que o espazo foi transformado nun fermoso xardín romántico.

Por aquí pasa Chiruca Macallás no retorno de cada marea do Gran Sol. É o primeiro que fai na recalada. Diríxese cara a casa dunha amiga, Laura Coído, a sabia do mar. Vai levarlle algún peixe escolleito e devolverlle os libros que lle emprestou para esa marea. Laura vive no número 6 da rúa Tinallas. Edificio humilde, mais especialmente interesante, que normalmente pasa desapercibida ao camiñante.

Velaí esta a “Casa do Remo”. Tres andares –segundo e terceiro con galería–, e unha fachada especialmente estreita. É o derradeiro exemplo na Coruña dun modelo de vivenda tradicional, propia das familias do mar. Dinlles así porque na súa construción se utilizaba un remo para medir o seu ancho. Consérvanse tamén outros exemplos en Rianxo, na Guarda ou en Pontevedra, mais foron habituais en moitas ribeiras de Galiza. Ás veces tiñan un gancho no primeiro andar para pendurar del os aparellos.

Segundo se conta na novela, Laura garda aquí libros de todos os océanos para o intercambio. En tal biblioteca ocupan un gran espazo as “novelas de vaqueiros”, pois estas foron durante moitos anos as lecturas preferidas dos mariñeiros abordo.

Continuamos coas referencias da cidade anfibia. O autor por excelencia do xénero, Marcial Lafuente Estefanía, publicou as súas primeiras novelas na editorial Cíes, de Vigo.

Cara á Casa de Rosalía

*O meu nome é o da cidade alta,
nacida onde a luz e o vento
se están orixinando mutuamente*
(Luísa Villalta)

Versos de *En Concreto*, o gran poema da Coruña. Dende o alto da Cidade Alta, da man de Luísa, baixamos pola rúa de San Domingos cara a praza da Fariña. Collemos rúa do Príncipe, para detérmonos diante da casa onde viviu un tempo Rosalía de Castro.

Volvemos renderlle unha nova homenaxe a autora, como acontece decote na Coruña. Esta é unha cidade *rosaliana* coa figura do alcalde Manuel Casás, que mesmo chegou a erguer un altar laico para ela e mais para Manuel Murguía na propia Casa do Concello. Cidade rosaliana como demostra tamén o feito de que o seu teatro mais fermoso, caso único na Galiza toda, leve o seu nome.

E, de novo, acudimos a referencias *vigorentas*. Alén da irmandade en “rúas do Príncipe”, a primeira edición dos *Cantares Gallegos* saíu en 1863, do prelo da imprenta Compañel, Vigo. Estaba situada na rúa Real, na propia Ribeira do Berbés. A moi poucos metros do local que, anos despois ocuparía “A Guinda”.

Esta taberna, tamén coñecida como “La Lechería”, era lugar de recalada do gran pintor da “cidade-anfibia”. No seu mar e na súa biografía está presentes por igual A Coruña e mais Vigo: falamos, evidentemente, de Urbano Lugrís.

Na última etapa da súa vida alí acudía adoito. Onde só se podía acceder, na madrugada, petando na porta cun preciso toque de cotenos. A señora María, servíalle un chocolate quente. E o vello pintor facía agromar cun lapis un universo submarino, de peixes e sereas, sobre o mármore do velador.

Cada mañá, unha rapaciña, a neta da dona, fregaba con lixivia e estropallo o velador até deixar de novo o mármore branquiño como un coral. Coñezo a esta rapaza, Lola, unhas das voces sinaladas do Orfeón Mariñeiro do Berbés. Xa de adulta, cando visitou o Museo Quiñones de León, e viu por primeira vez a *Habitación do Vello Mariñeiro*, sen que ninguén lle dixese quen era o seu autor, dende o máis fondo botou este salouco: “*Ai! Lugrís, que gran pintor! Canto me fixo traballar*”,

No Parrote.

Agora todo o ocupa o complexo de ocio “La Solana”. Debaixo do cemento, está a praia: O Parrote, porto primeiro da Coruña.

Sobre a súa etimoloxía, entre as diferentes posibles explicacións, reivindicamos a tese que defende Felipe Senén. “Parrote” directamente de parra. Mais non para soste videiras. Falamos dos antigos emparrados de madeira, para colgar as redes. Semellantes aos que até hai pouco houbo, por exemplo, na Póvoa de Varzim.

Abarrote no Parrote!

Velaí unha expresión proverbial que define á persoa que a pronuncia como integrante, dun xeito inequívoco, da tribo coruñenta.

Mais aínda que a inmensa maioría do censo municipal coñece e utiliza a frase, case todos ignoran a súa orixe.

Abarrote no Parrote! porque até hai moi poucas décadas, diante desta praia existiu un banco marisqueiro, especialmente fecundo, onde se concentraban un gran número de embarcacións.

Nos anos oitenta do pasado século, a construción do Peirao do Centenario, desviou as correntes e fixo desaparecer ameixas e berberechos. Da “*rosa (do medioevo) só nos queda o nome*”, dixo Umberto Eco. Aquí quédanos tamén nas palabras o eco de tanta fartura.

E agora, a sorpresa, pois ninguén nela repara. Pedra angular da memoria da cidade (anfibia).

Encaixada no pano de muralla da fortaleza de San Carlos, velaí unha portada medieval. É o único resto que nos queda da igrexa de Santo André. Templo e hospital do antigo gremio de mareantes. O máis importante da Coruña medieval, cuxo patrón lle deu nome a rúa principal do barrio da Pescaría. Igrexa dos mariñeiros, por iso, fíxate ben, navegan pétreas sardiñas polo seu arco exterior.

Parrochiña viviña!

Con este berro enchían as rúas as pescantinas. As vendedoras de peixe –Erundina Bocareu rexenta un posto no mercado de Teis– son tamén protagonistas de *A gran travesía de Chiruca Macallás*.

Nos anos vinte do pasado século, unha nova norma ordenaba facer pasar o peixe pola báscula, en lugar de vendelo a lotes, como se viña facendo tradicionalmente.

As pescantinas do Muro foron á folga. E tal revolución montaron que algunhas acabaron na “Fonda do Parrote”. Isto é no cárcere, situado entón no predio que agora ocupa o hotel Finisterre.

Testemuña da dimensión da revolta son os versos desta copla de Pivela, mestre antroideiro, transmitidos oralmente ao Aldán Santamaría, pola súa avoa Manola (da famosa tenda, “Depósito de Zapatillas”, da rúa Panadeiras).

*“Afora as balanzas,
que as colquen na panza”
–gritaban desesperadas–
“e para que as queremos
se nunca podemos
vender máis que xureladas.
Pois o resto do pescado,
non queda ningún aquí,
resultando que os fresqueiros
levan todo pra Madrí”.
Como no aceptaban el peso
y andaban vendiendo el pescado a lotes,
me las agarraron y a todas llevaron
a la fonda del Parrote.
Cuando las tuvieron dentro,
me dijo una compañera:
“Se tivéramos daquelo
non viñamos pra chapela”*

Peiraos das despedidas

Chegamos á explanada da Dársena, o “Porto Chico”, como lle dicían os mariñeiros de baixura, en oposición aos grandes peiraos que acollían á flota de Gran Sol e Terranova. Aquí estivo situado o carro dos estaleiros Chas. Derradeiros representantes dunha longuíssima tradición de varadoiros e carpinteiros de ribeira.

Foron eses mesmos carpinteiros construtores de barcos, os que fixeron os armazóns das galerías. A imaxe é plena. Cando coñecemos o dato, comezamos a ollar esas estruturas brancas, como castelos popa –vidro e madeira– de grandes galeóns.

Aquí todo arrecende a América, pois destes peiraos saíron os transatlánticos que levaron as nosas bisavóas cara a Arxentina, e antes cara a Cuba.

A poucos metros o gran monumento, asinado por Asorey, que a cidade dedicou ao seu poeta: Curros Enríquez. Seino, naceu en Celanova. Mais tras do xuízo contra el que promoveu o bispo de Ourense, A Coruña acolleuno e converteuno en fillo predilecto. No seu retorno de Cuba foi coroado como poeta, no Teatro Principal, no mesmo predio que ocupa hoxe o teatro Rosalía. A comitiva do seu enterro, en Santo Amaro, converteuse na manifestación de dó máis grande da historia da cidade.

Coruña–Curros–Cuba, na illa do Caribe, promoveu o poeta de Celanova a creación da Academia Galega, co sé hoxe, xusto enriba do Parrote, na rúa Tabernas. Aquel himno galego que procurou Pascual Veiga, cun concurso na Coruña, finalmente soou por primeira vez na Habana, grazas ao impulso de Fontenla Leal.

Galiza/ Cuba: Músicas de encontro e despedida.

*Estando yo en la Habana
a la prestura del sol,
oí tocar las campanas
Del arsenal de Ferrol.*

Contoume Manuel María que tal cantaba o seu mestre (na poesía) Manuel de Paderna, en Outeiro de Rei.

Na outra banda creou Ernesto Lecuona un himno para o retorno:

*Para Vigo me voy,
me voy, me voy.
Mi negra dime adiós
que la conga ya se va
para nunca más volver a sonar.
Para Vigo, para Vigo me voy.*

Tamén neste peirao seguen a resoar os adeuses. Contaban antigos propietarios da Casa de Comidas “La Marina” que, nos primeiros anos da ditadura, os emigrantes cara a Arxentina se despedían, pano en man, con este retrouso:

*Aí vós quedades, aí vos quedades,
entre curas, frades e militares.*

En atención a tanta emoción sonora, na explanada da Dársena as persoas asistentes a esta ruta fixemos un círculo coas mans unidas, e entoamos a música máis profunda das Arneiras, cidade anfibia.

Na alta noite, cando acouga o boureo das máquinas todas dos seres humanos, só se escoita un son: o mar.

Na Coruña o océano repite de vagar este nome: *Oooorzán!* E coa mesma cadencia responde a auga de Vigo: *Beeeerbés!*

CODA (desta parada)

Nos anos vinte do pasado século de Bouzas, do Berbés e tamén desta Dársena da Coruña saíron os primeiros bous cara ao Gran Sol. Por iso os mares de Irlanda teñen nome en galego: O Mar das Galiñas, A Ferradura, A Cona da Vella.

A patroa de pesca, Chiruca Macallás, sobe decote cara a máis o norte. Até Rockal, pedra perdida, entre Escocia e Islandia, que –por suposto– tamén ten nome en galego: O Con de Marín.

Alí escoitou, augas das soidades, o cantar dunha serea. Mais non era loura, nin peiteaba longas guedellas con peite de prata. É Mamí Watá, a serea negra.

Na flota galega navegan hoxe moitos africanos, nomeadamente rapaces de Senegal, grandes mariñeiros que trouxeron tamén cara a estes norte as súas lendas.

Por iso ás veces, Mamí Watá, ás veces pasea polas rúas das Arneiras. Quizá poidamos atopala, fíxate ben, en calquera recanto desta ruta.

CAMPO DA LEÑA

Cruzamos ás présas –o tempo non é moito– o barrio da Pescaría, cara ao Campo da Leña. Como acontece en Vigo na rúa dos Cesteiros, pasamos por diante de varios locais que até hai pouco ocuparon representantes deste gremio. Os cestos de vimbio foron obxectos de primeira necesidade na cidade anfibia. Eran utilizados para descargar e transportar o peixe, sobre un leito de feitos.

Conflúen aquí moitas historias. Tiramos directamente cara a que ten maior interese na nosa ruta. *A gran travesía de Chiruca Macallás* é unha novela chea de música: A

protagonista, alén de patroa de pesca, é cantante *heavy*. Guillín de Curuxeiras, o engraxador, domina todo o repertorio de Pucho Boedo. E xa citamos o cantar africano de Mamí Watá.

Outro dato pouco coñecido: no Campo da Leña sitúase a orixe da música galega. Explícome. A comezos do século XX había aquí mercado. A el acudían os mestres de Cántigas da Terra, coro nacido no ronsel das Irmandades da Fala. Non viñan na procura de patacas, repolos ou allos. Viñan apañar melodías. Preguntáballe á vendedora de que aldea era, e pedíanlle que botase unha cantarea. Non existían as gravadoras, así que transcribían *de ouvido* a melodía ao pentagrama. No seguinte día de mercado, o mestre á señora, e cantáballe a peza segundo a tiña transcrito no papel. Se a vendedora daba a súa aprobación, a peza pasaba a formar parte do arquivo do coro. Se apreciaba algún fallo, cumpría volver a escribila, e agardar ao seguinte mercado, até que por fin dese o seu parabén.

Así se foi configurando o vizoso arquivo de Cántigas da Terra, viveiro primeiro do que bebeu, insisto, toda a música popular galega.

Apoloxía das tabernas do mar: Casa Chenchá

O camiño comeza a se facer longo, cómpre deterse para beber máis historias nunha cunca de viño. Velaí a Casa Chenchá, na rúa San Xosé.

Rexéntaa Xulio Montero, percebeiro das rochas da Torre de Hércules. E seguimos coa música: de pequeno aprendeu a pescar as barbadás con *asubío*. Si, segundo os que dominan esta técnica, a melodía provoca a excitación do peixe que así entra ao dereito no engado. Aprendeulle tal arte, o Polaco, mariñeiro sabio da Agra de Santo Amaro.

Como se explica na novela, esta técnica non é anécdota. Está documentada en épocas pretéritas, e existen versións parecidas nas Canarias ou nas Illas dos Azores.

Na Chenchá rendémoslle homenaxe as grandes tabernas do mar: Velaí o Lionardo, na Coruña, e o Elixio en Vigo, ambas as dúas enriba da ribeira, en ambas as dúas beberon as cuncas, Alvaro Cunqueiro e Urbano LUGRÍS.

A cidade anfibia reproduce (ou reproducía) o universo do Ribeiro nos letreiros das tabernas: Sanín, Roucos, Beade, Macendo, As Chavolas, Ventosela. Non che vou dicir se estaban en Vigo ou na Coruña. Expresión dunha antiga alianza Ribeiro–ribeira. Isto é, os colleiteiros do viño buscaban os clientes na beira do mar.

A máxima expresión desta alianza era o viño de Gato, antiga casa de provisións para barcos da Palloza: En terra non se bebía, mais abordo, despois de marearse un pouco, virábase excelente.

Os Pelamios

Baixamos cara aos Pelamios, hoxe parte do paseo marítimo, antano lugar salvaxe e especialmente evocador, para os que tivemos a sorte de o coñecer no tempo da infancia. Dunha banda estaban, cara a Cidade Vella, as instalacións militares que ocupaban o Campo da Estrada, de acceso prohibido e, polo tanto, especialmente misteriosas. Mais pola outra todo era descampado e rochas do mar, espazo para todos os xogos, coa *ferranchina* de Santa Cruz, familia especializada na recuperación e despece de barcos afundidos.

Alén do manto da auga, velaí o faro de Mera e a costa de Coitelada.

Diante de nós, aínda que non sexamos quen de albiscala, As Acentes, a gran montaña submarina.

“As Acentes cerra o porto da Coruña, como en Irlanda protexean a Galway as illas Arán”, díxome Carillo, gran patrón de Malpica.

Contra as súas agullas bateu o petroleiro Urquiola. Un dos principais protagonistas da *chapapotemaquia*, isto é, a gran loita da cidade anfibia contra a secuencia de mareas negras e outros episodios de contaminación mariña: Erkowit, Pollycomander, Urquiola, Mar Exeo, Prestige.

Pouco despois do accidente do Pollycomander nas Cíes, viuse en Vigo un ovni. *“Era como un Vitrasa”*, tal o describiu o barbeiro Minguela, en imaxe plenamente vigorenta.

Cara á praia de Santo Amaro.

Pasamos por debaixo do cemiterio de Santo Amaro, cemiterio atlántico, deitado na ría, como deitado na ría está, na outra banda (Irlanda), o cemiterio de Bantry onde repousan os corpos de moitos mariñeiros galegos.

Santo Amaro é un problema para Igrexa Católica. Pois o seu nome non aparece no santoral. Como a devoción a esta figura dende épocas antigas era tan grande, identificouse, co santo ao que mais se lle asemella na pronuncia, o italiano San Mauro, primeiro discípulo de San Bieito.

Mais a aventura deste Amaro é outra. Segundo recolleu Uxío Carré nunha lenda en Figueiroa (Abegondo), falamos dun home sabio que atopou, no medio do océano, a Illa do Paraíso.

Cando accedemos á súa verdadeira historia, a contorna da praia de Santo Amaro ilumínase cun novo significado. Aquí houbo unha capela, con fonte santa, o Picho, a el dedicada. E mesmo hoxe, cando xa esquecemos a orixe da festa, seguimos a celebrar a súa romaría: *as merendiñas da Torre*.

En Vigo Santo Amaro tamén ten a súa capela. En Matamá, a primeira romaría do ano que celebran cada 15 de xaneiro.

E por iso, nesta ruta recomendamos tamén unha taberna viguesa: “San Amaro”, na rúa Rogelio Abalde. É famosa pola súa tortilla con chourizo, impulso enerxético para xente bohemia, amante da madrugada.

A pedra dos Macallás

Mariñeiros da Marola, Illas Cíes e do Orzán.

(“En corso”, Curros Enríquez).

Aquí, por cuestións estritamente cronolóxicas –xa levamos máis de dúas horas de encontro– debería rematar esta ruta. Mais a Illa da Marola, sinálanos o camiño do mar maior, e convidanos a avanzar uns pasos para achegármonos a un universo ignoto e especialmente sonoro:

Grelle, Macallás, Area de Concha, Redondo, Cabalo, Longuiña, Acoroado, Morro Baixo, Corredoiras, Furna do Herminio, o Altar, Rabaleira, Xogadoiro, Gueivouteiro, Coitelos, Furna dos Touciños, Cabo Verde, Areal, Xanrei...

É a canción da Torre de Hércules. Os nomes das pedras que traballa o percebeiro na contorna do vello faro.

A poucos metros de Santo Amaro: a praia da Area de Concha. Contoume un sabio, Milucho Mariñas, que lle dicían así, porque nos tempos da súa infancia, anos corenta do pasado século, estaba cuberta polas cunchas esfareladas dos mexillóns que quedaban varados. Alí agardan as pedras dos Macallás, nome ben eufónico, que serviu de título para a novela.

Bon lugar pois para lle render unha homenaxe final a Chiruca e a todas as mulleres do mar.

O pasado é o futuro, dixo o filósofo.

A humilde tese vigo–coruñenta que proclama a novela, xa fora formulada (e publicada) hai case cen anos, por Vicente Risco.

Bon lugar tamén, entre a pedra do Redondo e os Macallás para proclamar –con aturuxo incluído– os seus versos:

U... ju ju... (Poema futurista)

Terra

Duas áas diagonaladas d’azur baten no mar

Sóbor do Atlántico a diástole inmensa da raza

Vapor en todol–os motores do mundo

Añudadol–os nosos nervos á todol–os fíos eléctricos

Terra

A Cruña fita as brétemas d’Irlanda

Vigo os raña–ceos de Nova York
GALICIA FOR EVER
CRUÑA
Puntos de tensión máxima da vida
VIGO
Terra.
Nudo de todol–os fíos
enfiando total–as vilas do mundo
Todal–as sirenas a un tempo a sonar
Trés pintados de sol furando a terra
no cabo de todol–os paralelos
Terra
As flechas das arelas solagadas da Atlántida
Nas nosas espadañas
onde repican ó bautizo dos séculos novos
Antenas para radiografial–os nosos himnos ás estrelas
Terra
Folgos de millós de peitos
Mañan
Brinco de total–as vontades
Vigo os raña–ceos de Nova York
Estralar de todol–os miolos
Terra
N. S. E. W.
Terra
Chuvia d’estrelas
Alborada
Lóstrego
Rayos x
Profecía
Terra
O ceo rachou d’ arriba abaixo
Terra
HIP HIP HIP
HURRA

(Publicado n’A Nosa Terra, 1920)

*Rematou a ruta. No horizonte o Mar Maior. Nesta viaxe quizá albisquemos tamén,
como lle aconteceu a Amaro, a Illa do Paraíso.*